

EXEMPLO DE COMENTARIO DUNHA OBRA DE ARTE

OBRA DA PAU DE 2025



CRITERIOS DE CORRECCIÓN DA CIUG	Apartados	Elementos a desenvolver	Puntuación
	A. Clasificación.	Partenón. Fidias, Ictinos, Calícrates. Grecia. Época clásica. Século V a.C. 447-432 a.C..	0,75 puntos
	B. Contexto histórico.	Localización xeográfica. Orixe, cultura, lingua, costumes, formas de vida. Relixión. Polis. Conflictos: Guerras Médicas, Guerra do Peloponeso. Etapas.	0,75 puntos
	C. Análise e comentario da lámina.	Descrición. Función. Ordes arquitectónicos. Elementos decorativos. Planta. Correccións ópticas. Valoración.	1,5 puntos
<p>Lembra que para acadar a valoración máxima dos apartado se terá tamén en conta:</p> <ul style="list-style-type: none"> - A intuición do/a estudante para descubrir outros elementos menos evidentes (máis alá dos clichés artísticos ou características básicas). - Corrección gramatical, ortográfica e capacidade de expresión escrita. 			

Importante...

- **Pensa antes de redactar:** antes de comezar o comentario adica uns minutos a facer unha lista das ideas e datos que queres desenvolver. Eses minutos non son tempo perdido senón invertido en que o comentario quede completo e organizado.
- **Repasa e practica:** canto mellor saibas os contidos e máis practiques, máis e mellor escribirás.
- **Coida a presentación:** unha boa caligrafía e organizar a información en parágrafos facilita a comprensión da información. Deixa marxes e sangría (podes omitir a sangría se deixas unha liña en branco separando os parágrafos).
- **Coida o vocabulario:** os contidos importantes non só son datas ou nomes importantes, é imprescindible saber usar e explicar os conceptos propios da materia.

Clasificación artística

A obra a comentar é o Partenón. Ubicado na acrópole de Atenas. Encádrase no estilo grego, concretamente na etapa clásica pois foi construído no século V a.C. (447-432 a.C.). Foi deseñado polos arquitectos Ictino e Calícrates, baixo a supervisión de Fidias.

O contexto histórico marca o desenvolvemento artístico do estilo grego cuxas obras desenvólvense por toda a Hélade (península Balcánica e do Peloponeso, costa de Asia Menor, Magna Grecia, illas do Exeo, Creta...). Foi unha arte con personalidade propia aínda que se viu influída por culturas precedentes como a exipcia, a cretense e a micénica (de feito os templos gregos derivan da tipoloxía do mégaron micénico).

Contexto histórico

(Pódense dar pinceladas xerais e se se sabe, concretar máis sobre a historia que rodea á obra)

A cultura grega foi fundamentalmente urbana e desenvolveu actividades e valores que influíron na formación do que hoxe coñecemos como cultura occidental (filosofía, democracia, celebracións olímpicas, desenvolvemento do canon e búsqueda da beleza ideal...). A organización territorial e política establecíase en polis, independentes entre sí, aínda que tiñan unha cultura e relixión comúns. O antropocentrismo guiaba o modo de vida e a arte, todo xiraba arredor do ser humano. Profesaban unha relixión politeísta, cun Olimpo de deuses humanizados liderados por Zeus. Os conflitos bélicos marcarán a evolución do mundo grego e a praxe artística: dende a súa expansión por Asia Menor (integrando influencias prehelénicas), as Guerras Médicas contra os persas (s. V a. C) que levou á hexemonía de Atenas, ou as Guerras do Peloponeso entre as polis gregas (s. IV. a.C).

Referente á evolución da arte pódense diferenciar tres etapas importantes: o período arcaico (ss.VII-VI a. C) de experimentación, búsqueda do naturalismo e creación das ordes arquitectónicas; o período clásico (ss. V-IV a. C) cando se acadou a beleza e proporción ideais; e o período helenístico (ss. III-I a. C) de apertura cara o decorativismo e liberdade de movemento.

O Partenón eríxese cando tras as Guerras Médicas, a Atenas liderada por Pericles acadou o liderazo das polis gregas. Este gobernante decide reconstruír a cidade e a súa acrópole encargándolle o proxecto a Fidias (escultor e ourive). Pródúcese entón a culminación estilística do chamado "Século de Ouro" ou "Século de Pericles". Pódese dicir que o Partenón ten unha función ou carácter polivalente: relixioso pero tamén propagandístico pois encarna o poder ateniense e o racionalismo grego fronte á barbarie persa.

O Partenón é un templo de mármore pentélico que orixinalmente estaba policromado con cores vivas. A súa advocación é a Atenea, deusa da intelixencia e da guerra, a protectora de Atenas. En concreto Atenea Parthenos, a Atena Virxe. A súa edificación conmemora a victoria grega nas Guerras Médicas. É un templo particular pois é de grandes dimensións, co fin de albergar unha estatua da divindade de doce metros. Pero a pesar do seu tamaño o seu deseño non escapa á medida do home, non resulta colosal. Profesa as medidas perfectas, acadando a beleza racional tan buscada polos gregos a través das ordes estereotipadas e da proporción. Hai que lembrar que os templos eran a residencia da divindade, non un lugar de oración, polo que o exterior tiña máis importancia que o interior.

O templo é de orde dórico (aínda que ten algúns trazos xónicos como as columnas do Partenón e o friso continuado das Panateneas no interior). Levántase sobre unha plataforma con escalinata, dende a estilobata érguense a columnata. É un templo períptero e octástilo. A orde dórica é a máis austera e relaciónase coa masculinidade: as columnas levántanse sen base, cun fuste con estrías vivas; o capitel é sinxelo e xeométrico cun equino e un ábaco cuadrangular. Nesta época a columna xa evolucionou, deixando atrás certa desproporción e achatamento arcaico para ser agora máis alta e proporcionada. O entaboamento ten un arquitrabe e sobre el un friso dividido con triglifos estriados e metopas. Sobre o entaboamento

Descrición inicial/xeral

Orde arquitectónico

Análise estilística

Non só hai que describir o que se ve, senón a obra completa.

desenvólvese unha cornixa e nos extremos do templo tímpanos triangulares. Nos esquinais do edificio dispúñanse acroterios.

O Partenón está sometido a rigorosas medidas matemáticas para acadar a perfección. O número de columnas laterais é dezasete e nas fachadas ten oito (o dobre+1 era unha referencia de proporción ideal para os gregos). Ademais os arquitectos desenvolveron unha serie de correccións ópticas coa finalidade de lograr a proporción perfecta ante o ollo humano: os muros e as columnas inclínanse un pouco cara o interior (para visualizalos rectos); as escaleiras arquéanse cara o centro (para evitar o afundimento visual se verdadeiramente fosen rectas); os intercolumnios son máis estreitos a medida que se separan da parte central (para equilibrar visualmente o ancho dos intercolumnios); as catro columnas das esquinas son máis grosas (para evitar que visualmente parezan máis estreitas se de verdade tivesen o mesmo grosor); os fustes teñen un lixeiro achatamento no centro chamado éntase (para evitar o “afundimento” central)...

Correccións
ópticas

O Partenón é como unha gran escultura que chama a atención do espectador cando se fan rituais no espazos exteriores da acrópole. Á policromía e elementos dóricos antes mencionados hai que sumar as esculturas dos tímpanos, das metopas e do friso interior; todo feito por Fidias. Estes elementos foron labrados en altorrelevo e seguindo a lei de adaptación ao marco. Nas 92 metopas representábanse guerras mitolóxicas como alegorías das Guerras Médicas (xigantomaquia, amazomaquia, a Guerra de Troia e a centauromaquia). Os tímpanos tiñan representacións do nacemento de Atenea e da súa disputa con Poseidón. Destaca a elegancia dos panos mollados e o naturalismo acadado.

Elementos
decorativos

A súa planta é rectangular, con varias salas: a pronaos (hexástila); a naos, a sala máis importante onde estaba a imaxe da divindade (estatua criselefantina de Atenea, feita por Fidias), esta estaba dividida en tres naves separadas por unha columnata dórica de dous pisos en forma de U, que rodeaba a estatua; o opistodomo estaba situado na parte posterior e alí gardábase o tesouro. Tiña un pórtico tamén hexástilo. Entre a naos e a pronaos situábase o Partenón, a sala que da nome a esta construción e que estaba destinada ás panateneas.

Planta e
espazos
interiores.

É unha arquitectura alintelada. Os muros son de perpiaños unidos con grampas. Os teitos no interior son alintelados e no exterior presenta unha cuberta a dúas augas que tiña tellas de mármore. Os elementos horizontais e verticais están perfectamente armonizados.

O Partenón é unha das principais referencias da arte grega. Esta edificación é a mostra por excelencia do poder ateniense pero tamén do ideal de beleza racional. Xunto co Erecteion, os Propíleos ou o templo de Atenea Niké son referentes non só de Grecia senón da arte clásica. Os templos gregos influirán na arquitectura romana e os dous estilos se converterán na base estética da Arte Occidental. O impacto posterior dos elementos clásicos será indiscutible en tódalas épocas e sobre todo na arte do Renacemento ou Neoclasicismo.

Valoración

Hoxe en día non podemos desfrutar da edificación ao completo a causa dos desperfectos sufridos ao longo do tempo. O templo foi convertido en mesquita polos turcos, sufrindo incendios e explosións a causa do almacenamento de pirotecnia na acrópole durante diversos conflitos...ademais do desmantelamento e traslado das esculturas (hoxe en día moitas están no Museo Británico de Londres).

ESTE SERÍA O COMENTARIO MÁIS COMPLETO. EN FUNCIÓN DO TEMPO QUE DESTINEDES A FACELO, DOS VOSOS COÑECEMENTOS E DA VELOCIDADE DE ESCRITURA...CADA UN FARÁ A SÚA VERSIÓN.